

Falamus!

Voceiro do Equipo de Normalización e Dinamización
Lingüística do Conservatorio Profesional de Música
Xan Viaño de Ferrol

Nº 6
Xuño 2014

Días de cine no
Xan Viaño

Curso
de fagote



De historia
proesentandi

Entrevista a
Javier Contenla

X Concurso de *creación musical*



Editorial

Fai dúas semanas que as impulsoras desta revista que mostra curso a curso a representatividade da nosa comunidade educativa pedíronme coma sempre unha editorial para este número e coma sempre cústame elixir o tema. Esta vez coincide co final deste curso tan apasionante polo que penso que o teño mais fácil.

A verdade e que despois deste curso tan intenso todos e todas chegamos moi cansos ao final e dende este equipo directivo non teño mais que palabras de agradecemento a tódolos profesores e profesoras, alumnos e alumnas, pais e nais e tamén como non podía ser menos ao persoal non docente do centro polo traballo tan intenso que fan tan especial este centro.

Acabamos de escoitar no Jofre as actuacións de tódalas agrupacións do Conservatorio, si as de os maiores foron moi bóas, as de grao elemental foron espectaculares.

O pasado día 19 de xuño tivemos a sorte de poder escoitar os alumnos que optaban a premio de fin de

grao, foi un recital no que vimos o resultado deste traballo do centro en conxunto. Alumnos e alumnas que aspiran a integrarse neste mundo tan especial da música, e que penso que non terán problemas para o acceso aos centros superiores da súa elección, no que poderán continuar coa súa formación.

Na miña opinión o nivel de todos eles foi espectacular, algo polo que todos temos que sentirnos orgullosos.

Si conseguimos que tanto os que estudan música por formarse mais completamente como os que queren ser profesionais da música teñan un recordo no seu corazón musical deste conservatorio penso que o noso traballo será axeitado.

Só quédanos loitar para que se creen estruturas de traballo para todos eles, e non teñamos que traballar para que o seu futuro estea fora deste país.

Francisco San Ramón

Falamus!: Avda do Mar 4-6, Esquina con Telleiras, Caranza-FERROL

Teléfono: 981 333317-618 619 001

Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano>

Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.es

Edita: CMUS Xan Viaño de Ferrol

Maquetación: alumnos do ciclo superior de Deseño e Produción Editorial).

Fotos portada e contraportada: Sergio Pena

Agradecementos:

Graciñas a todos os que de un xeito ou outro fixestes posible a edición desta revista.

Moitísimas gracias ao Ciclo superior de Deseño e Produción Editorial do IES Leixa, en concreto a María Salas, por colaborar na realización desta edición de Falamus.

Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores.

Sumario

ferrolana

2 Editorial

4 A visita de David Azurza

5 A porta que conduce ao pasado

6 De historia proesentandi

7 Entrevista a Javier Constenla

9 Entrevista a Pablo Teijeiro Galdo

10 O peque coro de Xan Viaño

11 O Xan Viaño colabora coa cociña económica de Ferrol

11 VI Concurso "Sociedad Artística Ferrolana" 2014

12 Curso de fagote

13 Días de cine no Xan Viaño

15 X Concurso de creación musical

16 Pasatempos



A visita de David Azurza

4

Un ano máis pasamos toda unha fin de semana cantando e cantando, alumnos do conservatorio e máis profesores. Este ano visitounos David Azurza: as profesoras de Linguaxe Musical (Begoña, Sonia, Teresa), o profe que veu este ano (Teo), e máis as do Peque Coro (Catuxa e Alexandra) insistían moito en que fóramos ó curso:..”que David cantan moi ben que descubriremos mellor as posibilidades da nosa voz que cantaremos obras compostas por David ”.

Entre iso, e que a mín xa me gusta moitísimo cantar As miñas profesoras están encantadas, aínda que na miña casa os meus pais din que son un pesado: que cale xa dunha vez!. Non o podo evitar.

O curso foi fantástico: fixemos moitos exercicios para mellorar a postura do noso corpo. Saltamos para aprender a colocar ben os nosos xeonllos. Que importante é ter ben os pés na terra!. Pero sabedes que tamén temos que pensar no ceo? O ceo e a terra Resulta que os cantantes necesitan “sentir o

peso” algo falou do apoio (aínda non o entendín moi ben), pero tamén que o seu corpo esté libre, aberto.

Parece todo moi doado, pero non é tan sinxelo. Ata pediunos que pensáramos no paladar. O principio non sabía que tiñamos que facer ata que dixo:”que facedes cando comedes croquetas que queiman?”. Entón o tiven clarísimo.

Sabedes que David é contratenor?. Eu nunca escoitara nada igual: cando o escoitei por primeira vez case me entra a risa. Parecía unha muller. Despois de que te acostumbas, era unha pasada escoitalo.

Rímonos moitísimo. Era ver camiñar a David, e xa nos entraba a risa: é moi simpático e expresivo. Buf! Só con mirar os seus ollos xa entendemos como temos que cantar.

Aprendimos en só unha fin de semana moitas obras novas: unha moi divertida que imitábamos contrabaixos e trompetas outra árabe na que tiñamos que bailar e cantar con moitos adornos. As miñas favoritas foron dúas obras que compuxo David: “Mantxakun” que fala do Quixote e Sancho Panza e “Frío”. Nesta última tiñamos que levar unhas pedriñas para batelas e imitar o son dos dentes cando temos frío. Que risa botaba Alexandra cando a través da fiestra do auditorio veunos a todos buscando pedriñas!.

A David gustoulle moito a nosa interpretación do “Duerme negrito” que xa tiñamos ensaiado no Peque Coro. Creo que a Catuxa e Alexandra fíxolles moita ilusión que dixera isto.

No concerto final o pasamos xenial: de novo, o



auditorio cheo de público que aplaudía con moita euforia. David despediuse felicitándonos a todos: ó conservatorio por impulsar o canto coral e ás nosas

profesoras polo seu traballo. Que contentas e fachechosas estaban todas elas!

Ata pronto, David!


Escrito por un pequedorista anónimo



A porta que conduce ao pasado

Cando es pequena, es una persoa "normal". Acudes a clase, xogas, tes "mellores amigos"... Até que alguén dase de conta dun talento que reluce dentro o teu interior: é a música que está latente en ti e brila como nunca. Daquela a túa familia decide que debes recibir formación musical e empezas a estudar no Xan Viaño. As cousas van ben, segues con bo ritmo, mantendo as túas excelentes notas ano tras ano... Até que chegas a 3º GP, curso decisivo no que moitos compañeiros abandonan a travesía. Pero como a música te inunda, decides seguir adiante e chegas a 4º GP. Daquela te atopas cunha gran cantidade de asignaturas no instituto e tamén no conservatorio. Cando empeza o curso, paréceche

una recta insufrible. Pero chegas o primeiro día á túa clase de Historia con Crisanto, o homeque cando eras pequena te parecía moi alto e esbelto... O señor "que sabe tocar todos os instrumentos" e do que te asustaban os seus ollos cando os abría coma pratos. Pero agora é moi diferente. Daste de conta de que aquela idea quedara moi atrás. Atópase cun profesor que te ensina, te apoia e fala contigo cando o necesitas. As clases son entretidas entre letra e letra que vas escribindo mentras creas os teus apuntes. As experiencias que se vivían en cada momento da historia nas cales outros profesores non se pararían. As anécdotas que conta e tantas cousas que demonstra que sabe.



Pero cando xa estás casi na cima da costa, chegan as temidas presentacións de corenta e cinco minutos, acto do que levan falando compañeiros teus dende hai anos. Cando xa te ves que tes que facela xa non te parecen tan temibles. Porque cando fas a presentación, é entretenido buscar imaxes, cambiar o tipo de letra. Cousas non tan importantes pero que lle fan ilusión a todo o mundo.

Para terminar decir que a clase de historia é unha porta que se abre ao pasado, porque as anécdotas, as experiencias, as evidencias, fan que a imaxinación medre e voe cada vez máis e máis alto. Permitindo que as persoas medren intelectualmente e facéndooas cada vez máis independentes, característica moi importante para a vida futura.

Carolina Herrera, 4º GP

De historia Praesentandi

Luns 28 de abril, 15:30h... Como cada luns ao longo do curso, saio de casa en dirección ao conservatorio... Levo conmigo o habitual: mochila, móbil, apuntes... Pero hoxe tamén un pendrive, uns folios impresos e uns cantos nervios encima. Por qué? Exacto... Hoxe é o día... A miña presentación de Historia...

A verdade é que, dende que a mediados de marzo soupen que tiña que preparar esta presentación, me pasei moito tempo pensando nela. Cómo abordala? Qué teño que incluír? E sobre todo..., ¿qué NON tería que facer? Cando Eneri veu a explicarnos cómo se fai unha presentación de Historia da Música, se aclararon unhas cantas dúbidas. Pero naturalmente xurdían outras. Sirc sempre nos di: «Tranquil@s... No vos preocupedes... Vades facelo moi ben...». Pero claro: una cousa é decilo e outra é facelo...

Na primeira sesión de biblioteca, puiden por fin coñecer exactamente os contidos que ía tratar na presentación. O certo é que a partir da lectura que Sirc me recomendou, a presentación empezou a cobrar forma na miña cabeza. Tiña que facela ben. Quería facela ben. En realidade, creía que podía facela ben...

Un luns que estaba con Arual nun estudio -como cada luns, falando do que nos pasara a fin de semana e os demais días que non nos víramos- xurdiu o tema das presentacións. Daquela aproveitei para preguntarlle pola súa presentación e as de a súa clase:

«Arual: qué tal levas a túa presentación de Historia? Empezaron xa as do teu grupo? Qué tal as fixeron?»

Arual miroume con esa cara coa que me mira cada vez que me ve preocupada por algo, sorriu e abraçoume. Sabía que estaba preocupada pola miña presentación. Así que intentou tranquilizarme:

«Jajaja... Vas facelo moi ben, Leuqar... Ti non te preocupes, xa verás.»

E sí. Por qué non? Sabía que con esforzo e traballo podía facelo ben. Polo menos, tiña que intentalo. Esa mesma noite comencei...

Escribinlle a Sirc comentándolle as miñas dúbidas. Pedinlle consello para tratar algúns puntos. Suxerílle a posibilidade de que vise o borrador do meu guiión antes de dalo por finalizado. El trataba de axudarme do mellor modo que podía, e sempre me decía o mesmo:

«Leuqar... Tranquila... Vas facelo moi ben.»

Eu no estaba tan segura:

«Pero..., por qué o sabes? É a primeira vez que me enfrento a esto... Nunca tiven que estar falando tanto tempo dun tema e ademáis eu soa fronte a toda a clase!»

Pero Sirc insistía:

«Pois mira. Seino por varias razóns. Dareiche só dúas:

- 1) Os teus compañeiros coñecente, dixeron que vas facelo moi ben e saben que vai ser así...
- 2) Acabas de presentarme o borrador do guión, plantéxoches un par de cuestións e..., xa o sabes todo! Non sei se me explico...»

Demolidor... Non puiden contrarrestar ese argumento... «Claro e cristalino», díxenlle e el sorriu, aínda que eu seguía sen estar demasiado segura...

Pasaba moito tempo na miña casa pensando en cómo facer máis amena a presentación, en cousas que decir para que os meus compañeiros se interesasen máis nela e non aburrisen... E no referido ao PowerPoint estiven un bon rato buscando as imaxes axeitadas -tarefa que non foi nada fácil-, que encaixasen ben co que estaba contando. Finalmente

practiquei aa presentación, e empecei a ter máis confianza en min mesma. Por qué non ía salir ben?

Luns 28 de abril, 16:00h... Este é un luns diferente... Chego a clase e os meus compañeiros me miran, sorrindo, como se me desen ánimos cos seus ollos. Sirc tamén me sorrí e me da ánimos ao igual que os mis compañeiros...

Ás miñas doce o atril có meu guión... Ás miñas seis, a pantalla coa miña presentación... Ás miñas nove o teclado e o ratón... Entón, tras enchufar o pendrive no ordenador, abro o meu traballo e me dispoño a expoñer...

“Anilorac no venía / Ordñajela se callaba / Egroj al fin sonreía / Airi y Atram aplaudían / y yo en Historia presentaba”

Leuqar Samal

Entrevista a Javier Contenta

Javier Constenla impartiu un curso de improvisación para os alumnos de guitarra e acordeón do Cmus Xan Víaño.

¿Cal foi o teu primeiro contacto coa improvisación?

Dende pequeno como moitos rapaces xa me gustaba inventar, variar melodías sinxelas, imaxinar outros ritmos.

¿Qué é para ti a improvisación?

E un torrente de creatividade musical a tódolos niveis e en todas as facetas da música de actitude ante o erro xa que mediante el aprendemos como na vida mesma.

Debemos de ordenálas súas técnicas, enfoques e utilización a hora de facer pedagogía de ela, xa que e todo o contrario a un caos.

¿Calquera pode imprivisar, con independencia da súa idade?

Penso que en principio hai persóas que como en todo parten xa con condicións naturais de predisposición a creatividade. Dende o punto de vista educativo xeneral, si se traballan as técnicas dirixidas por un guía ou mestre, creo que non hai excepcións para improvisar e crear de maneira ordeada e enriquecedora.

¿Calquera estilo se presta á improvisación?

Por suposto, haberá que adecuar as técnicas e co-



ñecementos musicáis a ese estilo mediante o análise rítmico, harmónico, melódico e histórico dunha peza musical.

¿Cres que a improvisación está relegada no sistema educativo musical impartido nos conservatorios? en caso afirmativo, ¿por qué?

Por desgracia para os alumnos e futuros músicos por suposto. O porqué relaciónase cun sistema só-lamente enfocado a interpretación e non a creación e a vivencia na práctica a nivel xeral da musica en tódalas facetas e estilos actuáis, non solo da clásica. É sabido que unha gran parte ou todos os compositores sabían improvisar no seu estilo, na súa época perfectamente.

¿Qué beneficios achega ao estudante de música, a práctica improvisatoria?

Pola miña propia experiencia e un resumo de todos os conceptos e facetas musicáis: ritmo, melodía, harmonía, forma e actitude para abordar todo ello sen tempo, ao momento.

A diferencia entre improvisar e compoñer solo e o tempo de que se dispón para unha ou outra polo tanto improvisar, e unha fonte interminable de ideas

musicáis e exploración para logo compoñer, arreglar, producir...

Para moita xente o Jazz é sinónimo de improvisación, ¿é isto correcto?

O jazz é o estilo musical de culto a improvisación a tódolos niveis pero estudar e practicar improvisación non ten porque levar aparelado estudar jazz por suposto. Se non que llo digan a ese compositor que a la vez que componían, improvisaban.

Os futuros músicos deberían de estudar técnicas de improvisación e creatividade sin ter que estudar jazz.

Para rematar ¿qué valoración fas do alumnado asistente ao curso?

O aproveitaron a tope e con moitísimo éxito, eran alumnos motivados polos seus mestres e comprobamos que si hay motivación y ganas de aprender os resultados son moi satisfactorios.

Grazas por atender a esta entrevista e por achegarnos a tua experiencia a través da tua ponencia.

Diego Díaz Calvo



Entrevista a Pablo Teijeiro Galdó



Cantas veces te presentache a concursos?

-Tres.

Que concursos?

-Concurso de Corda Xan Viaño 2011 no Conservatorio de Ferrol, Concurso no círculo Mercantíl de Vigo e Premios Honríficos David Rusell (Vigo).

Cantos gañache?

-Dous: O de Ferrol e o de David Rusell.

Por que te presentas a concursos?

-Para probarme en situacións límite.

Que sentiche cando gañache o concurso Xan Viaño?

-Moita alegría, non o podía crer.

Que pensache a vez que non tiveche o premio?



-Alegría pola persoa que gañou.

Lébraste da persoa que gañou aquel concurso?

-Si, chamábase Zaira Pena tocando o primeiro movemento do concerto de J. Ch. Bach.

E neste último concurso que gañache, cantos participantes habia na túa categoría?

-Setenta.

Que tocache?

-Vocalise de Rachmaninov, concerto nº1 de Breval e Impromptu de Arutunian.

E cal delas te sentiche mais cómodo tocando?

-En Breval, a pesar de que era a primeira vez que a tocaba en público, saíame moi ben.

Que foi o que mais che gustou do concurso?

-O fin ao que vai o diñeiro que se recauda.

Cal é?

-Axudar a unha escola na India que alberga nenos con problemas psicolóxicos e físicos

Por que cres que che deron a ti o premio?

-A verdade non o sei, porque todos os participantes tiñan un moi bo nivel musical. Posiblemente porque non me puido a presión de estar concursando diante de tanta xente.

Recomendarías esta experiencia aos teus compañeiros do Conservatorio, por que?

-Por suposto, gañes ou non é unha gran experiencia, porque che da madurez musical, coñeces a xente de outros sitios e saes do teu mundo, porque o teu mundo é o Conservatorio no que estudas e dende él non te das conta do nivel que podes alcanzar.

O Peque Coro do Xan Viaño

Carlos Freire Zaragoza
(1º Grao Profesional).

Un coro non é como moita xente pensa:

Unha actividade aburrida, na que sempre se cantan os mesmos tipos de cancións, na que un non pode divertirse, na que só hai que aprender letras e notas musicais. Un coro é unha agrupación de compañeiros onde un pode divertirse aprendendo cancións de distintos lugares e culturas, e isto o reflicte moi claro o Peque Coro.

O Peque Coro reflicte alegría, divertimento, emoción, e iso é o que fai que os nosos ensaios e concertos sexan todo un éxito. No Peque Coro aprendemos cancións e coreografías, cun sorriso na cara ou xestos de tristeza cando fai falla.

Nun curso escolar podemos chegar a aprender quince ou vinte cancións a un nivel increíble. Deixamos a nosa marca en lugares como Lugo, Culleredo, Cedeira, ou Braga (Portugal) e ata no teatro Jofre, ademáis, de como non, neste conservatorio.

Cada vez somos máis neste coro, que pasou de ser un "peque coro" de apenas trinta alumnos deste conservatorio, a ser un "maxicoro" duns setenta alumnos.

Formar parte do Peque Coro é unha experiencia moi divertida e bonita, na que se aprende, pero tamén un pode divertirse. A quen poida, eu recoméndolle vir ao Peque Coro; é de balde e é divertimento asegurado.



Na viaxe do curso pasado en Porto



Co coro Infantil do Cmus de Lugo



No auditorio do Cmus Xoán Montes de Lugo



O curso pasado en Bonaval

O Xan Viaño colabora coa cociña económica de Ferrol

Neste curso, seguindo a tradición destes últimos anos, non faltou a nota solidaria no Xan Viaño. Na tarde do 20 de decembro celebramos un festival de Nadal en colaboración coa Cocina Económica de Ferrol, recollendo víveres non perecedoiros no hall do conservatorio. Nos concertos participaron profesores e alumnos das especialidades de piano, trompa, fagot, contrabaixo, acordeón, cello e violín, pechando os actos os nenos do Peque Coro do Xan Viaño.

No segundo trimestre conmemoramos o Día da Paz escolar, celebrando dúas tardes de "Música pola Paz". O luns 3 de febreiro participaron alumnos de GE e GP, das especialidades de piano, cello, fagot,

óboe, así como tamén o Coro de Grao Profesional. O venres 7 de febreiro escoitamos música para fagot, viola, piano, guitarra e violín, contando coa presenza do TMMtrececatrice e de O Peque Coro do Xan Viaño. Nestas xornadas pola paz, recolleamos novamente alimentos e donativos para a Cocina Económica de Ferrol, asociación sen ánimo de lucro creada no 1891 coa finalidade de proporcionar comida, principalmente cociñada, a persoas con escasos recursos económicos. Para máis información: <http://www.ceconomica.com/> Telf. 981 353117.

Grazas a todos os alumnos, profesores, ANPA e persoas colaboradoras, por facer posible estes actos solidarios.

VI concurso "sociedad artística ferrolana" 2014

Grandes éxitos dos nosos alumnos de piano no VI concurso de piano juvenil "Sociedad Artística Ferrolana" 2014

Os nosos alumnos de piano están de noraboa, tras os éxitos acadados tras a súa participación no IV Concurso de Piano Juvenil organizado pola Sociedad Artística Ferrolana, que tivo lugar os días 2 e 3 de maio no Auditorio del Centro Sociocultural de la Fundación Novacaixagalicia de Ferrol. Ademais de contar cun considerable número de participantes do noso centro, foron premiados un total de 5 alumnos do Xan Viaño.

Así, na 3ª categoría (ata 12 anos) os gañadores foron:

1º Premio: Noreia Hermida Pérez 11 años San Sadurniño (Alumna 3º GE CMUS Xan Viaño)

2º Premio: Lara Díaz Ogorodnikova 11 años Ferrol (Alumna 4º GE CMUS Xan Viaño)

3º Premio: Pablo Nistal Liñares 10 años Mugardos (Alumno 3º GE CMUS Xan Viaño)



Na 2ª categoría (ata 15 anos) os gañadores foron:

1º Premio: Carlos Julian Fernández Bollo 13 años Mugardos (Alumno 2º GP CMUS Xan Viaño)

2º Premio: Ana María García de Paredes Dupuy 13 años Ferrol (Alumna 1º GP CMUS Xan Viaño)

3º Premio: Ana Pereira Ezquerro 12 años Narón

Na 1ª categoría (ata 19 anos) de ámbito provincial os premiados foron:

1º Premio: Jacobo Ramos Casareigo 13 años, A Coruña

2º Premio: Marta Fernández Mateos 18 años, Santiago de Compostela

3º PREMIO: ANI POGHOSYAN GRIGORYANIS 17 años, A Coruña

O xurado destacou que o concurso, un ano máis, foi todo un éxito de participación, e que contou cuns participantes nas súas tres categorías, cunha enorme calidade técnica e artística á hora de executar as súas interpretacións ante o público e o xurado.

Noraboa a todos!

Curso de fagote

A clase de fagote tivo un invitado especial este curso, Steve Harriswangler.

Os días 21, 22 e 23 de marzo Steve Harriswangler, fagotista solista da Orquestra Sinfónica de Galicia, compartiu con nós a súa sabiduría acerca do fagot. Viña moi cargado tódolos días xa que nos mostrou tódalas máquinas necesarias para facer as lingüetas, as ferramentas para limpar e poñer a punto o fago-

te, o fagote francés, o seu precioso fagot Heckel e regalou unha lingüeta a cada un dos participantes.

Foron unhas xornadas intensas moi ben aproveitadas por tódolos alumnos que participaron neste cursillo, "bravo rapaces".



Días de cine no Xan Viaño

Este curso houbo estudantes de 3º de grao profesional que, guiados polo seu profesor Sergio Pena (Novas Tecnoloxías), tiveron a oportunidade de achegarse ao mundo do cine dun xeito práctico. O resultado deste traballo foron 3 curtametraxes: Recordos, As Tardanzas de Diego e O Dilema.

As tarefas foron repartidas e así houbo redactores de guións, encargados de produción, encargados de son, compositores da banda sonora e un grande número de colaboradores: actores e actrices procedentes do conservatorio e de fóra, pais e nais de alumnos que abriron as portas das súas casas para rodar nelas.

Aquí tedes algunhas testemuñas do que supuxo a experiencia para algúns dos protagonistas.

Sara Permuy, a guionista da curta "As tardanzas de Diego". "Esta experiencia aportoume bastantes cousas, entre elas está saber como é unha rodaxe e participar nela (neste caso, aparte de elaborar o guión, tamén apuntei as pistas de son que valían para xuntar co vídeo). Todo isto comezou un día de clase cando o profesor de Novas Tecnoloxías mandou como deberes elaborar unha curta. A miña sinopse principal foi a dunha parella que quedaba nun lugar a unha certa hora e o mozo chegaba tarde, provocando o enfado da súa noiva. Isto foi avanzando ata o que é agora, cousa que me gustou moito observar a pesar

de que lle tiven que dedicar algunhas horas do meu tempo libre. O día da gravación quedamos as 10 da mañá no conservatorio e rematamos sobre as 9 da noite (máis ou menos, xa que non me lembro de todo ben). Divertímonos bastante aínda que, loxicamente, tamén houbo complicacións, como as repeticións de escenas. Finalmente, quero agradecer a todos os que participastes nisto, xa que sen a vosa axuda o que conseguimos non sería posible de levar a cabo."

Maia Alejandra López, guionista e directora de Recordos: "O mellor da miña experiencia na curta foi ver como o proxecto do que eu escribira o guión, pero que todos na clase de novas tecnoloxías pulíramos, tomaba forma.

Cando vin a curta montada coa música composta por Andrea e o son da voz emocionoume moito pensar que eu creara esa historia na miña casa para un traballo de novas tecnoloxías.

Ademais o día da rodaxe pasamos todos un bo día, no que a pesar do mal tempo, houbo moitas risas e moito traballo tamén."

André Muñiz (participou como actor secundario): "Participar na curta pareceume unha boa idea. Nunca vivira unha experiencia parecida. Paseino moi ben cos compañeiros. Quero agradecer a Sergio que fixera posible esta actividade."





Marcos Grandal (actor protagonista de *As Tardanzas de Diego*): “Fixera teatro pero o cine non ten nada que ver. Aprendín a meterme en papeis. Fíxome pensar nas miñas facetas como artista, pensei en apuntarme a teatro, pero o día non ten 28 horas”

Diego Díaz (banda sonora de *As Tardanzas de Diego*, produción en *Recordos*): “Foi toda unha sorte que se nos brindase unha oportunidade tan boa para aprender como funciona un pouco o mundo audiovisual, toda unha sorte xa que a gran maioría de nós non sabiamos absolutamente nada e aprendemos un montón, ademais de pasar un bo rato e xantar a mellor empanada do mundo!!!! Moitas grazas a todos os que fixestes isto posible e en especial a Sergio Pena quen ten realmente moitísimo mérito xa que sen a súa axuda e todo o tempo que pasou traballando non sería posible, fixo un gran esforzo para que todo isto saíse adiante.”

Manuel López (actor secundario, produción, son): “Foi unha nova oportunidade de traballar cos compañeiros facendo algo diferente. Participei nas tres curtas e gustoume. Quero dar as grazas a toda a xente que fixo posible o proxecto.”

Rafael Pereira (actor): “Gardo unha boa impresión. Fai uns días, recordando as rodaxes das dúas curtas nas que participei: *As Tardanzas de Diego*, como extra, e de maneira máis activa en *Recordos*, como actor, notaba un sabor entre amargo e doce. Amargo porque non sei cando volverei a rodar outra curta e doce porque fixen algo que quedará para sempre. Non é como participar nunha longametraxe, pero é facer unha

cousa con outra xente e que queda presa no tempo, un bocado de inmortalidade. Ademais a idea de traballar en equipo e de participar noutra faceta da arte sempre axuda ao desenvolvemento como persoa e como artista. Con iso, penso que é co que quedamos todos os que colaboramos. Tamén debo dicir que unha das curtas nas que participei inspirou a composición que máis tarde presentei ao Concurso de Creación Musical que organiza o conservatorio. Ao fin só poden pensar que foi unha experiencia positiva e que non me importaría repetila algún día.”

Ana Isabel Fernández: “Participei na rodaxe como claqueta, xefa de son e de imaxe. Paseino moi ben posto que os actores, o cámara e o director e máis os outros axudantes son boas persoas e sen falta de sentido do humor. O compañeiro que dirixía estivo algo desesperado pois pasamos 12 horas para rodar unha curta de 10 minutos. A pesar da tardanza e do cansazo paseino moi ben e aprendín bastante de cómo funciona todo detrás das cámaras. O máis complexo penso que foi estar en silencio mentres se filmaba a escena e colocar os focos de tal maneira que non se viran, pero que iluminaran”

Andrea Trillo (compositora da banda sonora de *Recordos*, que foi premiada no certame da EOI da Coruña): Cando o meu profesor de harmonía propúxome compondor unha banda sonora, sentíame absolutamente incapaz. Pero coa súa axuda funme dando conta de que crear música inspirándote nunha historia faiche sentir esa historia coma túa e ademais aprender a aplicar os coñecementos que tantas horas nos leva adquirir.

Raquel González (colaborou como extra en As Tardanzas de Diego): " Foi unha experiencia moi divertida. Os alumnos víanse cunha ilusión moi grande e traballaban como profesionais e Sergio sabe transmitir a todo o equipo o ánimo necesario. Seguro que de aquí sae máis de unha futura estrela"

O día 11 de abril foi a estrea oficial das 3 curtas no auditorio do Xan Viaño. O día que celebramos as

Letras Galegas, o 19 de maio, repetimos a proxeción e repartimos os diplomas aos participantes. Puidemos comprobar que todos eles quedaron satisfeitos do traballo en equipo e dos resultados. Parabéns a Sergio Pena, profesor de Novas Tecnoloxías neste curso 2013/2014, que foi o promotor e organizador desta iniciativa e a todos/as os que aportaron algo a este traballo.



X Concurso de creación musical

Dez anos levamos organizando dende noso centro este concurso e dende a primeira edición xa choveu abondo. A idea orixinal de crear este tipo de concurso non era máis que animar aos nosos alumnos e alumnas a escribir música, a expresar nunha partitura, mais ou menos elaborada segundo os seus recursos, as súas inquedanzas, ideas e sentimentos.

A vida do concurso pasou por fases diferentes cos seus propios avatares. Comezou a nivel soio de Centro. Logo tivo unha fase a nivel autonómica aberto a todos os conservatorios e escolas de Música; tamén estivo incluído como actividades dentro dos programas internacionais nas que participou o noso centro e despois de tantas voltas decidimos recoller a idea orixinal a ver qué pasaba xa que nas derradeiras edicións moi poucos animábanse a participar.

E de repente, nesta última edición, só para alumnos do centro de 1.a.6. de Grao Profesional, preséntanse 34 candidatos. Éxito total! Premio en catro cursos e a sorte de poder interpretar as súas pezas no Auditorio do noso Centro, incluso algunha das non premiadas. Non contamos con moito presupuesto para premios pero si contamos con todos vós

e as ganas de facer música que para nós, os profes, representa moito máis.

As veces, lle damos tanta importancia a formación instrumental nos conservatorios que esquecemos a creatividade dos rapaces e rapazas. E tod@s a teñen en maior ou menor medida. Por iso, é fundamental fomentar dende a base o desenvolvemento destas e outras capacidades relacionadas coa creación musical, axudarlles a xogar co seu instrumento de maneira creativa, a improvisar, ensinar a manexar a materia sonora, a imaxinar... e como consecuencia de todo isto a escribir música, tocala e disfrutala.

¿Haberá mellor maneira de motivar a esta nova xeración?

iNoraboa a tod@s por participar e en especial aos premiad@s!

Premios da X edición curso 2013/14

1º GP: "Anochecer" Carmen Maldonado Ordóñez

3º GP: "Pensamientos" Manuel Iglesias Freire


4º GP: "Dúas" Gabriel Alonso Díaz

6º GP: "Lembranzas" Sara Pérez Martínez

Pasatempos

Instrumentos musicais

16



HORIZONTAIS

1. O piano é un instrumento de corda...
2. Nel colócase a lingüeta do fagote
3. O contrabaixo é o instrumento máis ... da familia do violín
4. Podes atopala na torre dunha igrexa ou nun instrumento de vento
9. Con elas tensas ou afroxas as cordas
10. A guitarra ten seis
12. Precisas dun se queres tocar o violín
13. O violín pertence á familia de corda...
17. O timbal é un instrumento de percusión...

VERTICAIS

1. A arpa e a guitarra forman parte do grupo de corda...
5. Nos pianos podes atopar ata tres destes
6. Aínda que non o pareza, o saxofón e a frauta forman parte deste grupo da familia de vento
7. É o nome dunha peza dos instrumentos de corda e dun aparello de afinación
8. O trombón é o único instrumento que ten esta peza
10. Sen elas non poderíamos tapar tódolos buratos dun saxofón
11. Nesta parte da gaita almacénase o aire
14. O acordeón é un instrumento de vento...
15. As trompetas teñen 3
16. As cordas o percorren

Sopa de letras

P	H	B	T	V	C	L	D	G	V	I	M	N	M	G	F	Y	R	S	B
C	O	N	T	R	A	B	A	I	X	O	O	G	R	E	M	R	J	J	M
F	K	O	G	B	O	S	H	H	L	N	F	E	V	P	R	B	G	C	C
N	C	G	Y	J	Y	M	A	Y	A	N	X	X	E	J	D	I	A	A	W
Q	Z	V	K	J	U	M	P	I	P	Q	T	L	K	O	J	W	O	P	X
Z	E	H	G	T	P	Z	P	E	H	A	L	P	J	W	N	V	H	M	I
X	Y	M	H	J	N	H	R	Z	T	P	T	N	T	V	A	F	E	O	I
E	O	B	Ó	E	H	S	T	E	Z	A	B	U	H	I	R	I	T	R	I
J	L	H	G	W	A	C	V	F	T	P	B	G	A	R	P	K	M	T	F
X	I	C	N	X	V	I	O	L	A	A	C	Z	W	R	A	G	B	V	F
S	H	R	O	O	H	V	G	N	T	X	A	K	N	K	F	I	E	N	X
Q	E	F	C	R	D	Q	F	D	O	B	X	M	K	G	A	Y	R	Z	E
Y	Ó	J	F	Q	H	N	L	G	W	W	K	O	P	U	Y	Q	T	L	D
N	B	Z	G	R	B	S	T	E	I	A	W	F	H	I	W	G	N	H	K
J	H	Y	T	A	Q	U	W	C	H	X	P	C	H	T	G	O	H	R	I
R	C	B	Y	V	I	V	I	X	X	A	T	A	V	A	Y	E	F	Y	P
N	Í	L	O	I	V	T	P	E	S	P	W	V	Q	R	Q	U	J	G	Z
H	P	S	J	Z	E	H	A	A	Z	K	H	C	T	R	G	G	B	R	L
G	R	F	Y	Q	B	X	T	V	X	H	T	M	G	A	H	W	A	D	N
T	A	T	G	D	G	T	H	F	W	V	I	J	S	P	L	A	Y	P	W

ARPA
 CONTRABAIXO
 FRAUTA
 GAITA
 GUITARRA
 ÓBOE
 PIANO
 SAXOFÓN
 TROMPA
 TROMPETA
 TUBA
 VIOLA
 VIOLÍN



17



